



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, SLU. PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Corporación Voz de Galicia SLU. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A difusión informativa da capitalidade de Santiago de Compostela nos medios de comunicación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Os medios de comunicación son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións





democráticas. As actuacións a realizar é a difusión a través dos medios de comunicación de información relativa á cidade de Santiago nos ámbitos de actuación desta consellería. Para a difusión desta información, a Voz de Galicia dedica diariamente varias páxinas a Santiago de Compostela e a súa área metropolitana e ten unha edición dedicada diariamente a Santiago de Compostela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

